


FOROS DE INICIATIVAS LOCAIS



INFORME DE CONCLUSIÓNS SINTÉTICAS

Xuño de 2013

“Innovación para o desenvolvemento empresarial e o emprego”



Deputación
Pontevedra



Universidade de Vigo



A Deputación de Pontevedra, consciente da situación de crise no actual escenario económico, que está tendo como consecuencia principal o continuo incremento do nivel de desemprego a nivel nacional, e tamén na provincia de Pontevedra, segue a considerar de gran importancia estratéxica reforzar o Servizo de Promoción do Emprego desta institución provincial. Con este obxectivo presentouse o Plan de Acción para o Emprego 2012-2013, que pretende consolidar as actuacións iniciadas pola Excm. Deputación de Pontevedra ó abeiro do Plan de Acción para o Emprego no ano 2012, con dous obxectivos principais: profundar no reforzo do servizo de asesoramento e información para o emprego da Deputación por unha parte, e consolidar o proceso de apertura da institución provincial como órgano de interlocución e consenso con todos os concellos e axentes económicos da provincia de Pontevedra que traballan no ámbito do fomento do emprego e da cultura emprendedora.

Por tal motivo, a Deputación de Pontevedra promove, en colaboración coa Universidade de Vigo, a celebración de diversos FOROS DE INICIATIVAS LOCAIS sobre innovación para o desenvolvemento empresarial e o emprego en Concellos de entre 13.000 e 40.000 habitantes.

D. Rafael Louzán Abal

Presidente

Excelentísima Deputación de Pontevedra

Este informe foi elaborado polo Grupo de Investigación G4^{plus} da Universidade de Vigo integrado por Pedro Figueroa Dorrego (Director), Ana Otero Lima e Daniel Gallego Ortigueira, en colaboración coa Deputación de Pontevedra e os Concellos de Cambados, Nigrán, A Estrada, Tui e Marín.

1

Introdución:
Obxectivos e
Alcance do
Proxecto.

2

Fichas Sintéticas
Locais

3

Principais
Conclusións

4

Recomendacións

Contido



O Proceso

Polo que respecta ás fases seguidas para a estruturación e organización xeral do proxecto, seguiu-se un proceso organizado, de tal xeito que nun primeiro momento elaboráronse os contidos correspondentes ós **informes previos** de cada localidade, cos datos dispoñibles a data de Novembro de 2012.

En canto á segunda fase, esta correspóndese coa celebración dunha serie de **entrevistas**, contando en cada municipio coas opinión tanto de axentes da Administración Pública Local como dos emprendedores locais. Así, as conclusións das devanditas entrevistas recolléronse nun **informe final de cada localidade**.

Finalmente, unha vez realizadas todas as entrevistas propostas e realizados os informes correspondentes a cada área, procedeuse a elaborar **este informe que recolle de xeito**


Introdución

Ó longo dos últimos anos están ocorrendo indubidables e ineludibles cambios na estrutura económica dos territorios, tanto a nivel nacional, como autonómico ou local. Estes cambios obrigan a abrir unha nova etapa de reestruturación económica, tecnolóxica e organizativa, onde a **introdución de elementos innovadores** xoga un papel fundamental á hora de optimizar os niveis de produtividade e **competitividade empresarial**, alentando o crecemento de sectores emerxentes e contribuíndo a á reestruturación dos sectores económicos en declive.

Neste contexto é onde cobran cada vez máis importancia as **iniciativas de desenvolvemento local**, é dicir, aquelas iniciativas que pretenden poñer en valor os recursos endóxeos de cada territorio e a busca de novas fontes de emprego, a fin de adaptar as economías locais ós cambios e tendencias globais.

Identificación dos recursos e capacidades da área local

Así, a través da identificación dos recursos e capacidades de diferentes áreas locais, a posta en marcha deste proxecto pretende xerar un **espazo de dinamización e participación a nivel local**, para identificar oportunidades e posibles iniciativas de desenvolvemento empresarial e emprendemento que orienten a acción dos axentes locais en xeral e das Administracións Públicas en particular, de tal forma que se consiga xerar unha maior riqueza e emprego no territorio.



Obxectivos

Dinamizar os tecidos empresariais e locais da provincia de cara ó aumento da competitividade, e a xeración de novos emprendementos e empregos.

Establecer un espazo de dinamización e participación a nivel local para identificar oportunidades de desenvolvemento empresarial e emprendemento.

Orientar a acción dos axentes locais en xeral, e das Administracións Públicas en particular, para xerar maior riqueza e emprego no territorio.


Servir como vehículo da transferencia do coñecemento entre as Administracións Públicas, a Universidade, o tecido empresarial local, e a poboación da propia localidade.

Poñer en valor os recursos endóxeos e elementos diferenciadores dos territorios contribuíndo a xeración de novos emprendementos e

Alcance


Este proxecto, levouse a cabo en cinco municipios da Provincia de Pontevedra, de entre 13.000 e 40.000 habitantes. En concreto os que se amosan no mapa


- Cambados
- Nigrán
- A Estrada
- Tui
- Marín



As entrevistas

Polo que concirne á estrutura das entrevistas, deseñáronse dous modelos, un destinado ós axentes da Administración Pública Local, e o outro ós emprendedores de cada territorio. Ambos modelos perseguen a finalidade de obter unha visión xeral das actividades idóneas para cada área xeográfica en función das súas potencialidades, a máis de tentar achegar a idea de cáles son as principais barreiras e facilitadores ó emprendemento que detectan estes axentes. Finalmente, considerouse oportuno incluír un último apartado vinculado á pregunta de que pode facer a Administración Pública nestes momentos para apoiar e potenciar o emprendemento nos territorios locais.





Fichas Sintéticas Locais

A través destas fichas amósanse as principais características de cara ó emprendemento que posúen os cinco municipios nos que se levou a cabo este proxecto, centrándose especificamente na composición do tecido empresarial, nas infraestructuras existentes para o desenvolvemento empresarial e no perfil básico do emprendedor detectado a través dos servizos de emprego e emprendemento propios de cada concello.

Do mesmo xeito, tamén se tenta ofrecer unha visión sintéticas das principais oportunidades de negocio detectadas polos axentes locais entrevistados en cada caso, que ascenden a un mínimo de cinco por Concello, pasando por último a reflexar as iniciativas postas en marcha por parte de cada ente local.

Informes Finais Municipais


Finalmente, é importante destacar o feito de que os datos reflectidos a través das fichas sintéticas que aparecen a continuación, son extraídos dos correspondentes informes finais de cada localidade, onde se profunde nos recursos e capacidades propios de cada área, e se ofrece unha ampla visión das principais potencialidades e experiencias de innovación e emprendemento detectadas polos axentes locais, a máis dunha síntese das entrevistas realizadas onde se expón a visión e as oportunidades de negocio existentes en cada territorio segundo as persoas entrevistadas.





CAMBADOS

23,4 km²
13.946 habitantes
596 densidade



Sistema empresarial

(empresas con sede social no municipio segundo facturación)

Pesca

34%




Agricultura

19%



Construción

12%



Loxística e Tte.

8%



Bens de Equipo

7%



Parque empresarial

Polígono de 7 pías

285.068 m²

72 parcelas

700 empregos

Perfil do emprendedor



30-45 anos

80% mulleres

**Sectores: mar,
agrario e servizos**

OPORTUNIDADES DE NEGOCIO


Enerxia: Empresas relacionadas coa eficiencia enerxética, e as enerxías renovables (biomasa, augas termais, xeotermia, mareomotriz,...)

Mar: Iniciativas en torno ó aproveitamento de algas para a industria alimentaria, farmacéutica, cosmética

Turismo: Empresas relacionadas co turismo de IV gama, experiencias e sensación, agroturismo, turismo enolóxico, deportivo, cultural ou etnográfico

TIC: *Networking marketing, community manager, comercio electrónico*

Vitivinícola: Valorización do viño tinto do salnés



INICIATIVAS LOCAIS

Posta en marcha dunha nave no Polígono industrial de 7 pías, a modo de **viveiro empresarial**, a disposición dos emprendedores da vila que decidan empezar alí o seu negocio



Fonte: Informe foro de iniciativas locais do Concello de Cambados (2013)

Elaboración **Equipo G4plus (Universidade de Vigo)** en colaboración coa **Deputación de Pontevedra**



NIGRÁN

34,8 km²
17.879 habitantes
513,8 densidade



Sistema empresarial

(empresas con sede social no municipio segundo facturación)

Construción

25%



Automoción

19%




Bens de equipo

8%



TIC

7%



Madeira

6%



Parque empresarial

Porto do Molle

265.392 m²

**Centro de iniciativas
empresariais**

Centro de negocios

Perfil do emprendedor



30-45 anos

60% mulleres

**Estudos en FP
ou Universitarios**

OPORTUNIDADES DE NEGOCIO

Novas tecnoloxías: empresas tecnolóxicas e auxiliares das xa existentes

Comercio: organizado e profesionalizado, comercio electrónico e oferta innovadora



Benestar: satisfacción das necesidades básicas da poboación non cubertas

Turismo: de IV gama, de experiencias e sensacións, turismo deportivo, etnográfico e cultural, actividades complementarias ó turismo



INICIATIVAS LOCAIS

Creación dunha concellaría de “**Promoción empresarial, comercio e emprego**”

Creación da “**Escola de emprendedores**” en colaboración cos concellos do Val Miñor




Fonte: Informe foro de iniciativas locais do Concello de Nigrán (2013)

Elaboración **Equipo G4plus (Universidade de Vigo)** en colaboración coa **Deputación de Pontevedra**



A ESTRADA

280,8 km²
21.759 habitantes
199,3 densidade



Sistema empresarial

(empresas con sede social no municipio segundo facturación)

Automoción

28%



Construción

22%



Madeira

16%



Agricultura

9%



Loxística e Tte.

6%



Parque empresarial

Polígono de Toedo

275.000 m²

Parcelas en venda

Recinto Feiral

11.000 m²

Perfil do emprendedor



30-45 anos

58% homes

31% Universitarios

29% de FP

OPORTUNIDADES DE NEGOCIO

Agro-Alimentación: Producción cárnica de calidade, transformación de lácteos, horta de calidade vinculada á gastronomía local e á produción ecolóxica

Forestal-Madeira: Innovación do produto ofertado polo Moble de A Estrada

Enerxía: Enerxías renovables e limpas, eficiencia enerxética

Turismo: Turismo de experiencia, deportivo, cinexético e actividades complementarias de ocio e tempo libre. Organización e promoción do turismo rural

TIC: Perfis de *community manager*

Benestar: Coidado de persoas maiores e profesionalización do coidado de nenos

Servizos: Desbroce forestal e limpeza de edificios



INICIATIVAS LOCAIS

Remodelación do **novo mercado**, que contará cun **viveiro de empresas**, **residencia e ludoteca**

Creación do ente “**A Estrada Dixital**”, que facilita o acceso á banda ancha ás empresas e elabora as webs das iniciativas emprendedoras locais




Fonte: Informe foro de iniciativas locais do Concello de A Estrada (2013)

Elaboración **Equipo G4plus (Universidade de Vigo)** en colaboración coa **Deputación de Pontevedra**



TUI

68,3 km²
17.236 habitantes
252,4 densidade



Sistema empresarial

(empresas con sede social no municipio segundo facturación)

Construción

38%



Loxística e Tte.

10%



Agricultura

8%



Comercio

6%



Bens de equipo

5%



Parque empresarial

Polígono de Areas

216.085 m²

72 parcelas

Centro Comercial

Outlet Tui

Perfil do emprendedor



30-45 anos

63% mulleres

**Menos dun ano
no SEPE**

OPORTUNIDADES DE NEGOCIO

Agro-Alimentación: Produccións ecolóxicas e artesanais en xeral, especialmente as centradas no sector vitivinícola

Turismo: Creación de infraestruturas de aloxamento de calidade e empresas relacionadas co turismo de experiencia, en especial as relacionadas co deporte e a natureza

Comercio: Promoción de Tui como centro de artesanía e oficios tradicionais de Galicia, ampliar a oferta de comercio innovador complementario ó turismo e comercio electrónico

Construción: Rehabilitar vivendas antigas no casco vello

Restauración: Ampliación da actual oferta con establecementos especializados nun produto de calidade



INICIATIVAS LOCAIS

Rehabilitación do **edificio de Chans**, a través dun **obradoiro de emprego**, que se prevé destinar a un **viveiro de empresas**, habilitando 11 oficinas, unha sala de reunións e unha zona de servizos comúns




Fonte: Informe foro de iniciativas locais do Concello de Tui (2013)

Elaboración **Equipo G4plus (Universidade de Vigo)** en colaboración coa **Deputación de Pontevedra**



MARÍN

36,7 km²
25.864 habitantes
704,7 densidade



Sistema empresarial

(empresas con sede social no municipio segundo facturación)

Pesca

43%



Bens de Equipo

17%



Loxística e Tte.

13%



Naval

7%



Comercio

7%



Infraestrutura portuaria

**Porto de Marín-Ría de
Pontevedra**

1.812.424 T. transportadas
591 buques

Perfil do emprendedor



25-40 anos

**Hostelería e Comercio
polo miudo**

Sen estudos



OPORTUNIDADES DE NEGOCIO

Loxística: Empresas de loxística de distribución vinculadas ó porto, intermediarios de comercio, elaboración de estudos de mercado e proxectos de internacionalización

Restauración: Innovación no produto, oferta especializada e asesoramento ó cliente, cociña en directo

Mar: Aproveitamento integral dos recursos mariños, valorización de especies tradicionais, cultivo de algas,... etc


Benestar e calidade de vida: Empresas que permitan compatibilizar o ocio dos cativos co dos seus proxenitores, servizs á terceira idade

Comercio: Innovar no produto e no servizo, comercio urbano que dea servizo ás necesidades das familias, revalorización dos mercados tradicionais, produtos alimentarios específicos, comercio electrónico

Turismo: Creación de infraestrutura de acollida, turismo de mar, ecoturismo, aventura, deportivo ou cultural entre outros

Náutica-Recreativa: actividades de ocio náuticas e deportivas

Agro-Alimentación: Producións ecolóxicas e artesanais



Fonte: Informe foro de iniciativas locais do Concello de Marín (2013)

Elaboración **Equipo G4plus (Universidade de Vigo)** en colaboración coa **Deputación de Pontevedra**

Compromiso Local

- Dende a Administración Pública Local, son cada vez máis conscientes da importancia da actividade emprendedora nos seus tecidos empresariais, e por iso, dun xeito comprometido, realizan un maior número de esforzos nesta área, tanto dende o punto de vista de asignación de recursos humanos, como dende a posta a disposición dos emprendedores de espazos axeitados para o inicio da súa actividade, como pode ser a creación de viveiros empresariais.



Conclusiones

Sistemas Empresariais Locais

- Nestes momentos, os sistemas empresariais locais están a sufrir unha reestructuración, de xeito que actividades que anteriormente tiñan un peso limitado na economía local, están a cobrar forza, en detrimento das actividades relacionadas coa cadea de Construción e Promoción Inmobiliaria.
- A especialización dos tecidos produtivos e a oferta de servizos de calidade e innovadora estase a converter nun elemento diferenciador do local, fronte ó global, e posibilita a mellora da competitividade das empresas locais.
- Cada vez son máis as iniciativas emprendedoras, que se ben naceron cunha perspectiva local ou rexional, buscan fora dos mercados españois novas canles de venda e oportunidades de negocio.



Perfil do Emprendedor

- Segundo o informe GEM Galicia 2011, o perfil predominante do emprendedor en Galicia, correspóndese co dun home ó redor dos 40 anos, que reside en contornas urbanas e posúe formación universitaria, se ben o espírito emprendedor aumentou notablemente entre as mulleres e entre aqueles que posúen estudos de Formación Profesional, cuestión que se poden observar nos municipios estudados, onde son as mulleres as que deciden emprender maioritariamente e onde os emprendedores con estudos de FP están a medrar.

Barreiras ó emprendemento

Os emprendedores locais perciben unha serie de barreiras que dificulta o inicio dunha actividade emprendedora de éxito:


- **Acceso ó financiamento:** Cada vez son máis os emprendedores que ven reducida a súa capacidade de actuación por non contar co financiamento axeitado, e increméntanse os que recorren a capitalizar a súa idea mediante fondos propios, a través das indemnizacións por despido, do desemprego ou da axuda familiar.
- **Exceso de trámites burocráticos:** Para as persoas que escollen o emprendemento como o seu medio de vida, o atoparse cunha Administración Pública lenta nos trámites, con duplicacións e descoordinada, moitas veces obrígaos a desistir da súa iniciativa.
- **Escasa formación do emprendedor:** En moitos dos casos o descoñecemento das técnicas básicas de xestión empresarial e o non contar dende o principio cun plan de empresa realista sitúase como unha das causas principais de fracaso.



Facilitadores

Por outra banda en canto ós elementos que facilitan a actividade emprendedora, estes serían:

- **Motivación persoal:** Un dos principais motivos polo que moitas persoas elixen emprender é polo feito de que poden marcar os seus tempos, e perciben máis de preto a utilidade das súas accións, o que contribúe a incrementar a súa autoestima.
- **Coñecemento en profundidade do sector de actividade:** En moitos dos casos de éxito analizados, esta é unha das causas que contribúen a que as iniciativas cheguen a bo porto.
- **Apoio das Administracións Locais:** Dende os propios emprendedores locais, a acción dos AEDL e das oficinas de emprendemento municipal é vista como de gran importancia, pois contribúe en boa medida a evitar que os emprendedores se perdan nos trámites iniciais e desistan nas súas intencións.



Sectores Estratéxicos Locais a apoiar

Tras a realización da análise correspondente e das entrevistas ós axentes locais de cada municipio, resultaron unha serie de sectores estratéxicos de actividade, que dende as Administracións Públicas se deberían apoiar en cada localidade. Así, estes serían os que se amosan na táboa posterior.

Sector	Cambados	Nigrán	A Estrada	Tui	Marín
Agrario					
Mar					
Energía					
TIC					
Turismo					
Forestal— Madeira					
Comercio					
Construción— Rehabilitación					
Benestar					



Recomendacións

Ós Emprendedores

- Especialización das empresas en nichos ou ámbitos moi concretos, con vocación de “ser os mellores ou os únicos”, e cunha ampla visión de mercados xeográficos.
- Revalorizar as producións locais mellorando a súa presentación, incrementando o grao de transformación e impulsando a xeración de novos produtos, orientados a mercados non só locais, de tal xeito que aumente o valor engadido e que a riqueza xerada quede no territorio.
- No contexto xeral a “imaxinación, a intuición e a experimentación” deben ser elementos fundamentais á hora de emprender pois son valores á alza.
- Para que unha idea de negocio teña éxito é preciso contar cunha mínima formación ou cultura empresarial presentando un proxecto moi meditado e estudado, que conte cun plan de empresa viable.
- Os emprendedores potenciais deben centrar os seus esforzos nun campo ou sector de actividade do que sexan profundos coñecedores, e que á vez lles resulte atractivo, chegando en moitos casos a vincular o ocio persoal cun pequeno negocio.
- Adaptar a oferta ás demandas do consumidor actual, innovando non só no produto, senón nos canles de comunicación e na atención ó cliente, que debe ser cada vez máis personalizada.
- Perder o medo ó fracaso e ó cambio, de tal xeito que facilite o dinamismo e a idea de “ir corrixíndose sobre a marcha”, contando polo tanto con ganas de aprender e innovar.
- Tentar favorecer a economía local e defender o desenvolvemento sostible.

Ás Administracións Públicas

Coordinación de recursos e capacidades de todos os entes públicos e privados que teñan competencias no ámbito do emprendemento e o emprego a nivel provincial e comarcal.

Flexibilización e axilización de trámites burocráticos á hora de crear unha empresa, reducindo os tempos de espera.

Unificación a nivel provincial de criterios e taxas dos concellos que afectan ás empresas e ás iniciativas emprendedoras.

Exención ou diminución de taxas e impostos ata a obtención de beneficios ou polo menos na etapa inicial de emprendemento.

Incentivar a comunicación e o intercambio de experiencias entre a rede de AEDL provincial e estandarización do servizo ofrecido unificando a información existente.

Apoio á formación de calidade para empresarios e emprendedores, propiciando o dinamismo e a perda do medo a asumir riscos.

Ofrecer a nivel supramunicipal, a posibilidade dun asesoramento integral a empresas e emprendedores, apoiándose nunha guía de oportunidades de negocio provincial, que priorice sectores de actividade segundo áreas xeográficas.

Apoio ás iniciativas emprendedoras de cara a facilitar o acercamento ós seus clientes potenciais e



Deputación
Pontevedra



Universidade de Vigo

